

**POSIBLES IDEAS PARA
UNHA HOMILÍA CON NENOS
9 FEBREIRO 2020**

**Teñamos as Mans Unidas
para ser SAL e LUZ do mundo.**

1. Ver: Aprendices de Master Chef

-Imaxinamos que somos concursantes deste programa e nos fan preguntas:

***Para que serve o sal? Que lle pasa aos
alimentos que non se sazonan suficientemente?
Que sería a túa casa sen luz?***

2.XULGAR: Ser sal e luz do mundo.

- No evanxeo deste **domingo de Mans Unidas** Xesús dilles aos discípulos e a nós: -***“Vós sodes o sal da terra. Pero se o sal se volve insípido hai que tiralo... Vós sodes a luz do mundo... Alume así a vosa luz ante os homes”.***

-QUE NOS QUERE DICIR JESÚS?

-O cristián ha de ser SAL e LUZ da terra:

*Xa sabes que unha comida boa si fáltalle o sal é insípida, non sabe.

Por iso o amigo de Xesús debe poñerlle á vida “sabor”, o sabor da alegría, do amor, do compartir. Trata de ser “salgado”, “Saboroso”, non insípido.

*Se andas ás escuras non podes ir a ningún sitio nin facer nada.

Necesitas luz, a luz de Xesús (“Eu son a luz”, Xn. 8, 12), a luz do evanxeo, a luz da fe para ver a vida cos ollos de Deus. E non esquezas que as túas boas obras son luz para os outros.

-O día da Campaña contra a fame trata de poñer un pouco de luz e sabor no mundo.

**Di Isaías: “Parte o teu pan co famento e brillará a túa luz”.*

**Si, serás luz si coidas e melloras o mundo que temos. O lema é “quen máis sofre o maltrato ao planeta non es ti”. Coidar o planeta é coidar a todos, especialmente aos pobres que sofren máis as súas consecuencias.*

***Es sal e luz no mundo?
Como coidas o planeta?
Colaboras con Mans Unidas?***

3.ACTUAR: Teñamos as Mans Unidas para ser sal.

-Trata de coñecer máis a ONG Mans Unidas (www.mansunidas.org) e os seus proxectos visitando a delegación, informándote dos misioneiros...

-Dialogade sobre como crear estilos de vida saudables para coidar a casa común nos teus comportamentos diarios que afectan á contorna: reciclar, reutilizar, reducir, reparar.

-Facede algún xesto tales como unha “cea da fame” e orade xuntos: *Estou crecendo, Señor, e iso faime feliz. Axúdame a crecer tamén no corazón. Que me preocupe do mundo que me rodea e da natureza que creaches. Quero parecerme a Ti, traballar con amor, sen buscar premios nin recompensas, coidar os demais e o planeta no que vivo. Córdame Pai, como coidaches o teu fillo Xesús cando crecía. Faime coma El, cos seus mesmos sentimentos e actitudes. Que creza como bo fillo teu en harmonía co planeta. Amén.*

-Canto: *Sede o sal ou Somos misioneiros.*

Que imos facer?

A PALABRA

•ISAÍAS 58, 7-10: *Xurdirá a túa luz como a aurora.*

Isto di o Señor: «**Parte o teu pan co famento, hospeda os pobres sen teito, cobre a quen ves espido e non te desentendas dos teus. Entón xurdirá a túa luz como a aurora, enseguida curaranse as túas feridas, diante túa marchará a xustiza, detrás de ti a gloria do Señor. Entón clamarás ao Señor e responderache; pedirás axuda e dirache: “Aquí estou”.**

*Cando afastes de ti a opresión, o dedo acusador e a calumnia, cando ofrezas ao famento do teu e sacies a alma aflixida, **brillará a túa luz nas tebras, a túa escuridade como o mediodía**».*

Palabra do Señor.

•SAL. 111: R/. **O xusto brilla nas tebras como unha luz.**

•1ª CORINTIOS 2, 1-5: *Anuncieivos o misterio de Cristo crucificado.*

Eu mesmo, irmáns, cando vin a vós a anunciarvos o misterio de Deus, non o fixen con sublime elocuencia ou sabedoría, pois nunca entre vós presumín de saber cousa ningunha, senón a Xesucristo, e este crucificado.

Tamén eu me presentei a vós débil e tremendo de medo; a miña palabra e a miña predicación non foi con persuasiva sabedoría humana, senón na manifestación e o poder do Espírito, para que a vosa fe non se apoie na sabedoría dos homes, senón no poder de Deus.

Palabra do Señor.

- **MATEO 5, 1- 16:** *Vós sodes sal e luz do mundo.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«**Vós sodes o sal da terra.**

Pero se o sal se volve insípido, con que o salgarán?

Non serve máis que para tiralo fóra e que o pise a xente.

Vós sodes a luz do mundo.

Non se pode ocultar unha cidade posta no alto dun monte.

Tampouco se acende unha lámpada para metela debaixo da artesa, senón para poñela no candeeiro e que alume a todos os de casa.

Brille así a vosa luz ante os homes, para que vexan as vosas boas obras e dean gloria ao voso Pai que está nos ceos».

Palabra do Señor.

(Narrador- Xesús)